Recuerdo cuando apenas tenia los 8 años, y cuando pisaba por aquellos tiempos las losas de mi querido grupo escolar de la villa; en una de las lecciones de mi profesor, oia por primera vez la historia de las famosas piedras y de la ermita, que sobre un monte, no lejos de la villa, allí existen; se trataba nada menos que del monte del "Santiaguiño" donde el 25 de Julio de cada año se celebra una tradicional romeria.

La fiesta típica de aquella época, consistía en la reunión de una cuantas familias, de la villa y comarca, con su "xantar", las cuales después de oir la Santa Misa, pasar por "o burato do Inferno, o Purgatorio e a Gloria, bailar la muiñeira al son de las notas músicales de la banda de música (que era la única agrupación que animaba el festejo) y algún otro vecino, que llevando sus panderetas, acompañadas de su bota de vino, el cual hacía que las gargantas entonaran las canciones regionales y populares de aquellos tiempos, hasta el anochecer.

Hoy en dia como todos sabemos, estas panderetas, son acompañadas por infinidad de grupos de gaiteros, que mientras se da buena cuenta de las sardinas asadas, pan de maiz, "cachelos" y de los famosos pimientos de Herbón (todo esto repartido gratuitamente a los romeros), y con el "xantar" típico de las romerias, como es la tortilla, empanadas y pulpo etc. estos grupos de gaiteros, entonan las alegres notas de la gaita gallega, recorriendo el monte mezclados entre los millares de romeros que acuden en masa a esta romeria "DO SANTIAGUIÑO", haciendo

de lo que era una pequeña reunión de vecinos de la villa y comarca, en quizá la romería más "enxebre" y popular de Galicia, llegando a disfrutar de ella, el que en aquel año era ministro de IRIBARNE, siendo más tarde Ministro del Interior y hoy Diputado.

Y todo esto, gracias a la labor y constancia de un hombre que supo llevar con grandes esfuerzos y contratiempos, quizá a veces recibiendo malas contestaciones, durante los 13 años que estuvo al frente de su equipo de colaboradores, para que la romería del Santiaguiño do Monte fuese más que una reunión de vecinos.

A este infatigado hombre que con su afán lo dio todo para que esta romería, cogiera rango internacional, va este pequeño homenaje, desde estas páginas, una pequeña muestra del que debiera de hacérsele, para la próxima "romería", por lo que pido a todos los padroneses y en general a todos aquellos que tantos años disfrutaron de esta "fiesta enxebre", estando este hombre al frente de ella, que para el día 25 de Julio, se le tenga en cuenta todos los sacrificios y sinsabores que este hombre, hubo de superar para que esta romería fuese quizá la más "enxebre" de Galicia hasta que por causas ajenas totalmente a su voluntad, se vió obligado a dejarlo todo. Este hombre es nuestro gran querido padronés MANUEL RODRIGUEZ PAZOS al cual desde este programa, todos los padroneses te damos las gracias por tu labor al frente de la "Xunta local da romería do Santiaguiño do Monte", y por lo que a mi me concierne, te digo: ¡¡¡GRACIAS MANOLITO!!!

**Santiago CALVO MENDEZ**


DERBI
ciclomotores
motocicletas

JP
J.L. PALACIOS

Avia
CAMIONES

Benelli
MOTO MORINI
MOTOCICLETAS

**J. L. PALACIOS - CENTRAL**
Carretera Madrid-Coruña Km 600-Perillo
Telf. 635350 (5 líneas) LA CORUÑA

VOLVO PENTA
MOTORES MARINOS Y AUXILIARES

PERKINS
MOTORES DIESEL
GRUPOS ELECTROGENOS

**J. L. PALACIOS - SANTIAGO**
Avda. Rodriguez Viguri, 25 Telf. 587426

VOLVO
AUTOMOVILES, CAMIONES Y AUTOBUSES

Johnson
MOTORES FUERABORDA
Y EMBARCACIONES

**J. L. PALACIOS - EL FERROL**
Avda. del Generalísimo 197
Nueva de Carranza
Teléfono 312371

PEUGEOT
CICLOMOTORES
BICICLETAS

RESTAURANTE
RA Y REINA LUPA
RESTAURANTE
**REINA LUPA**
BODAS - BAUTIZOS
PRIMERAS COMUNIONES
COMIDAS A TODAS HORAS
MERIENDAS Y CENAS
Teléfono 81 04 60
ESCLAVITUD (LA CORUÑA)

RESTAURANTE
DON GAIFEROS
RUA NOVA 23
TELF. 58 38 94
SANTIAGO DE
COMPOSTELA



O «Chocolate», da Villajuan, reparte un bón guisote de rodaballo. Os comensales son: de espaldas Xaquín Merino, que fala na televisión e na radio; Sueiro, Miguel García, dono da Trainera, un dos millores restaurantes de Madrid e «Carrito», que tendo da de comer o estilo vasco na capital de España.

# SAN PUCHEIRO, "ORA PRO NOBIS"

**Por**

**Xurxo-VITARO SUEIRO**

Iste ano tédesme que aguantar que vos fale de pucheiros, xa que a vista de que tódolos compañeiros falan de política pra arregrar o país, e consiguen tan pouco, a ver si adicándose á mesa e ó mantel adiantamos algo mais.

A nosa terra é un dos paraísos da boa mesa; ainda que moitos non queren enteirarse, e fanno tan mal que estragran o cá Natureza nos da con abondanza e da mellor crase, tanto cousas de debaixo da terra, que sobor dela, que das augas do mar ou do río, e ainda dos montes, o mesmo animais que andan, que paxaros que voan. A hora do pucheiro temos tanto de que botar man, que quizais debera decirse que é imposibel xantar mal a todo o ancho de Galiza, ainda que algúns, insisto, non se enteiran. Pero hoxe, naturalmente, falaremos dos moi enteirados, côs hai eiquí mesmo, no Padrón da Pascoa coma en calqueroutro lugar do país galego.

Sinxelamente creo cô facer un repaso, heime de esquecer de moitos bos cociñeiros e cociñeiras. Pidolles perdón. Os que o fan ben, contan conmigo. Os outros mellor é iñoralos.

Si volvo a miña infancia, ahí na Mahía, as lembranzas non son moi esquisitas. Colléume o ano trinta e seis con sete, e toda a fame do mundo, toda a que teñen os pícaros desa edade daquel intre téñome que lembrar mais dos carolos (corteza de pan millo cocida e barrufada cunha lisca de leite, porque tampouco había moito leite); das papas, que cando era tempo de cabazos eran moi ricas; do caldo de coles cunha pizca de unto normalmente, e con talladas na época da matanza (santo cocho bendito); sempre dos guisiños de cunchos ou de xoubas que miña nai facía con casi nada; dos arroces viudos... somente a cencia daquelas mulleres coma miña nai era capaz de sacarlle proveito a tan pouca cousa como había. As artes salían ben a relocir nas festas de Santa Mariña, que era a patrona de Ribasar, e supoño que siguirá sendo. Aquelas carniñas asadas con patacas douradas; o fígado encebolado; os cocidos; o pan de molete... ¡Pero que digo pan de molete! Houbo anos tan famentos, aqueles do serrín que mandaban da Arxentina dicindo que era fariña de millo...

Non poño mais exempio que a miña debilidade e cariño pola señora de Arufe, a panadeira da Escravitude, que de vez en cando dábanos algún molete pra que meu pai non padecese do estómago mais do que xa padecía despois de comer tódala verdura do mundo pra quitarse acedos, cando a verdá da sua barriga é que non tiña acedo ningún. Equivocación dun médico de Santiago e mala costunme de meu pai de facerlles moito caso os galenos. Deste tempo ¿sabedes do que me lembro con especial cariño? Pois dos cachelos con chourizos que me daba a señora Balbina, da Taberna de Arriba, no Sisto, como pago a miña axuda pra cubrir as cartillas do racionamiento. E dos rixons da casa de Mirón, ou da casa de Gosende, ou da le López d'Angueira...

## MILLORES TEMPOS DESPOIS

Aquela xeneración saleu tan briosa da fame, espabilou tanto, que aprendeu rápidamente de todo, fixose adulta quizais demasiado pronto e a ela debemoslle, cando menos, a etapa en que mais se traballou no país. Porque os milagres de que nos falan os políticos non son tales, os milagres fanse zurrándolle os cadrís. Tardamos moito en saír desa sabia definición según a cal o español é un tío pequeno, con cara de mala leite, que nunca se sintirá farto de comer e de foder. Eu teño unha pena miuda nestas lembranzas. E a pena de pensar que, o pior, saín co paladar desfeito, seco coma un garabullo, o que hoxe non me permite ser tan "finolis" coma algúns entendidos que broan nos papeles cunha sabiduría sospeitosa...

Pero pasemos a hoxe mesmo, esquecendo as tristuras do pasado. Lembrémonos da Casa Castaño, de Pontecesures, coas suas croquetas de marisco; das empanadas de lamprea que o meu gran amigo, o doctor Xosé Antonio García Domínguez encargame na Casa Xosé de Valga; das larpeiradas do Cuco ou de Ramalo de Rois. (Hei decirlles que somos tan leales a terra que unha o duas veces o ano andamos os Sueiro ó que faiga falla, estemos donde estemos, pra ir comer esas cousas tan ben feitas...) Ainda non probamos a Casa Faro, xunto a estación de Padrón, pero non tardaremos moito.

O propósito mais firme que me levou a escribir hoxe é o de falar das nosas mulleres co-

ciñeiras, as que teñen as fórmulas segredas, que aprican nas festas e nas grandes ocasións. Quérolles dicir a elas que non deixen este mundo sin transmitila as suas netas, agora cás novas xeneracións están aruxando e volvendo a mirar con cariño pro lar. Digolles esto, porque dentro das moitas cousas que debemos conservar da nosa cultura, unha delas, fundamental é a da cociña, de todo ese mundo maravilloso que está debaixo das chimeneas de Galiza.

### O COCIDO DE MIÑA SOGRA

Casei ben, loado sea Deus, e na familia que entrei as mulleres son fabulosas cociñeiras, como era miña nai astra ca enfermedá a apartou da lareira. Como era a aboa Baltasara, da Trabanca, que dicia "el caldo es la raiz del corpo" porque era maragata e chapurreaba galaico-castelán; e o son as tias do Roucón; a tia Pepa de Santiago; a tia Peregrina, de Lestrove. A mestre suprema e miña sogra, que lle encanta cociñar e está sempre disposta a faernos o que lle pidamos. Igual seña unha galiña trufada (sácalle tódolos osiños sin romperlle o pelexo, ¡vaia arte!), cun salpicón de lombrigante, un cocido galego ou unhas cañas... O que mais me interesa verlle cociñar é, por este ordre: as perdices doutono, os capóns do Nadal e o cotidiano cocido. Moita pacencia, boa cociña, catro potas e tarteiras pra ir combinando carnes (lacón pra comer; xamón pro gusto; xarrete, polo ou galiña; e os seus fabulosos chourizos que xunto cás chanfainas que fai a carón da matanza, pra consumir pronto, convirten a sua chacinería nunha cátedra de ben facer); digo que moitas potas, porque si hai carne salpresa, pódese xuntar ó dito un pouco de orella, de cacheira, de osos da soá, paleta, touciño de freba, e o rabo do cocho, e o caldo desta última carne non e xeitoso mais que pra tirar coel e sería pecado mesturalo co caldo que dan o xamón, lacón, galiña e xarrete. Cunha auga hay que cocer grelos, bretóns ou a verdura que se teña, incluido o repolo ou as berzas; hay que ter conta dos garabanzos, pra que non se desfagan e non esquecerse da reserva de caldiño pra sopa, de fideo fino. Como digo, moitas olas e tarteiras, moita atención e cariño, varias horas de traballo, toda a mañán, desde ben cedo, e dous días antes lembrarse de poñer lacón e xamón


CARPINTERIA MADERAS

# Laiño

**Puertas prefabricadas a todas las medidas**

**Carpintería en general de la madera**

**Teléfono: 810514**

**IMO - DODRO**

# Talleres PARDAL



PUESTA A PUNTO MEDIANTE EQUIPO ELECTRONICO

Teléfono 81 00 83

Extramundi - PADRON

**Para toda clase de trabajos en Mármoles y Granitos Naturales, Nacionales y Extranjeros**

**Mármoles**

**"PADRON"**

**Teléfono 811456**
**Particular 811043**
**81 11 26**

**LESTIDO - PADRON**

a remollo si son da cosecha anterior e un dia si son do ano, o igual que os garabanzos.

Un almorzo con cocido da miña sogra somente uns poucos mortaes podemos dicir que é casi, casi, unha cousa doutro mundo. Pras lareiras da outra vida xa lle teño pedido a ela posto de pinche; porque neste adiqueime a outros mesteres, cando a miña vocación, está ben craro, é a de cociñeiro...

### AS GRANDES MULLERES DA COCIÑA GALEGA

Poño, naturalmente, o exemplo que teño mais cerca; pero Galiza está, por fortuna, chea de grandes cociñeiras. Dunhas sabese, por que fixéronnos a xentileza de abrir os seus fogóns pra que podéramos participar. Doutras nada se sabe. A esas é as que lles pido que deixen ben ensinadas as suas netas.

¿Qué fixeron, senon, a señora viuda de Castaño, que tén a responsabilidade da cociña do único restaurante galego de Madrid de cinco tenedores, "O Pazo"; ou a viuda de Porto, que leva co seu apellido a Casa Vilas de Santiago; ou a viuda de Alfredin, e a viuda de Naveiro, na Cruña; ou a viuda de Xusto, en Carballo? ¿E quén está na cociña na Casilla de Betanzos, senon as Angelitas e no mesmo Betanzos, en Edreira, a muller da casa? Heime desquecer de moitas que tan bos almorzos fixeron pra mín e pra moitos mais; que me perdonen. (Craro, estou deixando a Josefa, a "Chocolateira", de Villajuán, que fai a mellor sopa de pescado e a mellor empanada de pan de millo e cunchos; e da muller de Solla, en Poyo (Pontevedra); e das rapazas que cociñan pro clan de Xesús Recouso e o seu cuñado, na Cruña...).

A todas elas, unhas e outras, adicolles admiración e cariño sinxelo. Teño confianza de que agora que somos moitos os que nos adicamos a esta afición de falar dos pucheiros, o seu traballo non quede iñorado, e dalgunha maneira podan figurar nunha grande historia dos fogóns galegos, coma unha aportación á cultura de nosa terra.

*Madrid, Páscoa do 80*

## A la memoria del patricio y bienhechor de la Villa don José M.ª Vidal Cepeda.

### EL SANTO ENTIERRO
(Soneto)

*¡Oíd, oíd, mortales, el trueno sagrado,*
*procedente de los ámbitos del cielo,*
*abatió su furor contra el suelo,*
*anunciando al Calvario ensangrentado!*

*El Santo Sepulcro aparece helado;*
*la obscura faz del misterioso velo*
*cubrió la tierra, ¡qué desconsuelo!*
*quedando el mundo a sus plantas quebrado.*

*Ya las tinieblas, y el mar turbulento*
*cesó de sus impulsos voluntarios;*
*ahora el pobre y el rico opulento*

*vuelven a los Lugares solitarios.*
*Ya marcha el Santo Entierro a paso lento*
*al compás de los himnos funerarios.*

José MUIÑOS DE FERRO
Padrón - 1980

Dibujo de Masito.




# CALEFACCIONES

# ANGUEIRA

MONTAJES INDUSTRIALES Y DOMESTICOS

ELECTRICIDAD - CALEFACCION
DISTRIBUIDOR CALEFACCION
"ROCA"

TELEFONO: 81 04 69
PADRON

TALLER: TELEFONO 81 02 71
R O I S - (LA CORUÑA)

HAGASE CONDUCTOR EN...

**AUTO-ESCUELA PERNAS**

Víctor García, 3 PUENTECESURES

Permisos, A-1, A-2, B y C

TELEFONO 55 73 65

CENTRAL:

Michelena 15 - 1º - PONTEVEDRA

Teléfonos: 859150 y 859154

SUCURSALES:

La Estrada-El Grove

Moraña-Forcarey

DELEGACION DE UNION ESPAÑOLA

(COMPAÑIA DE SEGUROS)



**FORTUNATO CRUCES ANGUEIRA**

**Fundador e director de "Nova Galicia"**

*Naceu este benemerito galego en Lesrove, o día once de Xuño de 1870. En 1881 entrou como amanuense no despacho do abogado padronés, don Xaquín González Seoane que tiña as oficinas na casa número once da calle Dolores. Animado por este señor, Cruces embarcou o dous de Setembro de 1885 na Coruña, rumbo a Bos Aires. Iba recomendado o administrador do "El Correo Español", don Xosé R. Vázquez que o colocou na tenda do betanceiro don Xosé Brañas, pasando o seguinte ano a traballar nas oficinas do diario "El Municipio" de Rosario, e o mesmo tempo empregouse como corredor de comercio. En Rosario fundou a sociedade "HIJOS DE ROIS", da que foi directivo. En Abril de 1890 fixo un viaxe a Galicia, voltando difinitivamente a Arxentina en Febreiro de 1891, entrando a traballar na escribanía que tiña en Bos Aires don Leandro García, chegando a Oficial 1.º en 1893.*

*Vivía en Barracas al Norte e o fundar un grupo de viviños un semanario titulado "La Justicia", para defender os intereses locais, Cruces foi encarregado da direción. En 1895 fundou no mesmo barrio o Centro Gallego que tiña o seu cárrego unha escola que dirixía Idilio Pájaro Nieves, e unha clase de música que daba Francisco Vilariño. De 1893 a 1898 publicou algunhas poesías e cantares en "Eco de Galicia, de Castro López e nas Páginas de España, que tiña o seu cárrego López de Gomara en "El Diario", de Laiñez.*

*En 1898 fundou o semanario "Correo de Galicia", que dirixeu o periodista Xoan González Montenegro, no que Cruces foi segredario de redacción. En 1900, co galio da guerra de España con Norteamérica, foi Cruces membro da Comisión constituida para doar o cruceiro "Río de la Plata". O seis de Outubro de 1901 sacou o primeiro número de "NOVA GALICIA, que dirixeu deica 1951. O 26 de Outubro do mesmo ano foi nomeado "Comisario censor escolar de la capital federal".*

*En Abril de 1904 sentaronse as bases para a creación do Banco de Galicia, do que foi socio fundador. Tamén foi socio honorario de varias sociedades galegas, como a de "Hijos de Calo e Centro Ribadeo" e outras. En 1907, deixou a escribanía para matricularse de Procurador, atendendo de valde a moitos compatriotas a os que prestou axudas cos seus servicios profesionais, que foron recompensados en 1914 con un homenaxe que se lle tributou na sonada no teatro do Orfeón Español.*

*Coloboraba en distintas publicacions como "El Día", de Montevideo; "El Correo Gallego" de Río de Xaneiro; "El Heraldo Cristiano", de Santiago de Chile; "Diario Gallego", da Habana; "Acción Española", de México; "Sud América de Bogotá; "Faro de Vigo" y en la revista "Galicia", de Madrid.*

*En Xuño de 1907 fundou en Montevideo a "Sociedad de Hijos del Valle Miñor", para axuda dos españoles desamparados, contando coa colaboración do Arzobispo Mons. Mariano Soler.*


CARPINTERIA
DE ALUMINIO

HB

**"HERMANOS BOUZAS"**

❋

**TELEFONO: 81 07 84**

ROIS - PADRON (CORUÑA)



Talleres de Aluminio

**Hermanos Tubio**

**Portales de Aluminio Basculantes**

Representante

*Lino Saborido (Araño)*

Teléfs. Comercio: 811380 - 811313 - Particular: 810895

**ORDIMAR, S.L.**

**ALIMENTACION AL MAYOR**

**TELEFONO 86 01 41**

**ASADOS - RIANXO**

*A sua iniciativa, debese tamén que en Marzo de 1908 se lle dese o nome de Galicia a unha avenida de Avellaneda. O ano seguinte puxo todo o seu valemento para que se formase o Centro Gallego de Santiago de Chile, do que foi nomeado socio honorario, e o mesmo tempo dos de Montevideo, Río de Xaneiro, México e a Habana.*

*Foi amigo e ademirador do célebre don Xosé de la Hermida y Castro (Pepe Natillas), señor da Torre de Hermida.*

*Deixou publicadas as seguintes obras: "Primeiras Follas" (Bos Aires-1898; "Almanaque de Galicia" (id-1909; "Castañolas" (id-1913) e "Cousas Gallegas" (id-1923). Deixou inéditos dous libros, titulados: "Caludiña" e "Temas Camperos".*

*Finou Cruces o dezaoito de Xaneiro do 1961. O Concello de Dodro tiñao nomeado "Hijo Predilecto" na data do primeiro de Setembro de 1949 e puxoselle o seu nome a estrada que pasa por Lestrove o día primeiro de Xaneiro do 1950.*

**Camilo AGRASAR VIDAL**

—Qué tal as vendas?

—*Afrouxaas un pouco, apremen.*

A luz penetraba a borbolóns fotónicos, dun xeito continuo, a través dunha minúscula fenestra, xanela máis ben, cangada por unha densa rede poeirenta de arañeira que có vento ceibe do solpor evolucionaban bambaneándose facendo un xordo bruido de apocamento sempiterno.

A luz penetraba dun xeito continuo, a borbollóns fotónicos, e ó entrar asolegaba a moraria cunha luminiscenza que loitaba con case inexistente luz electrica que manaba dun desparafusado portalámparas posuindo o logar unha atmósfera semipenumbrosa i estática que conformaba un ambiente exotérico, case mistico, que abranguia a totalidade do momento permitindo malve-las paredes seminúas de hormigón que erucionaban de anaco en anaco entre a extensa cal conformando unhas areas, illas negras ben delimitadas; nun recuncho, protexido por unhas paredes antimorbosas, atopábanse as sempre pingotantes duchas de chan resbaladizo e húmedo e á tua direita, pendurado da parede, un percheiro de brazos rotos, inexistentes, dos que somente quedaban as entrantes e aferruxadas pegadas dos seus primitivos parafusos.

—Qué tal as vendas?

—*¡Amaiaas, apertan ainda.*

O Lois, Lois Castro, era un fornido home sesaxenario, nos seus anos mozos boxeador, Lois Castron chamábanlle, que asegún dicen il chegara a pelexare en Madrid contra do campeón da categoria.

—Perdeches?

—*Ti por qué crês que estou eiqui:* dicia sempre cun aceno de desgana aceda e homicida, xunguindo a comisura dos abaloufados beizos cou se aplastado, case inexistente, nariz. Era dificil dabondo, por non dicer nada doado e case imposibel, maxinar a un vello reumático, semiencorvado, continuo fumador de longos e babados, fumeantes, charutos habanos, de bandullo prominente, case bufonesco, de cortas pernas, como entergo boxeador, cecais a sua faciana aplasta-

EMBOTELLADOS Y GRANELES

VINOS DE MESA

BOMAR

BLANCO - TINTO - ROSADO

Bodegas BOUZAS

TELEFONOS: 81 02 93 - 81 07 57

PADRON ( LA CORUÑA )

Gaseosas
FEIJOO




Telf. 81 09 06




da con nariz chato, case imperceptibel, e queixo prominente e redondo e máilo seu andar caracteristico, eran as únicas i exclusivas carauteres que conservaba da sua pasada, e según il, casi totalmente victoriosa vida ichegara a pelexar en Madrid.

—Perdeches?

*—Troca de choio, que tal as vendas agora?*

Ti mirache-las tuas mans semiabertas, salferidas de poros sudorosos, vendadas nos metacarpos, e sentiches nilas unha especie de proido interior que che percorría lonxitudinalmente e a pouca velocidade as mans e que se acumulaba logo nas xemas dando unha sensación molesta de constante formigueo.

*—Non te preocupes, iso sempre trouxo boa fada.*

Calaches confiabas demasiado nil e despreocupacheste da dor; a verdade, era que, inda facendo un esforzo mental, non lembrabas precisamente o tempo que levabas de pegador pero sabias que sempre, detras túa, qué tal as vendas, animate, pega forte, coidado co figado, ergue os puños, estivera o vello e iso dábache unha especie de afiuzanza firme de discipulo perante o mestre, sabias que, dende os teus encetes, aló no xinnasio, cando pelexabas máis contra do incognito e o anónimo que contra do contrario, estana il detras túa albendrándoche dende un recuncho das doce cordas, lembrabas que o silenzo traducción do nerviosismo era esnaquizado polas verbas animosas e paternalistas do vello Lois, Lois Castro, Castrón chamábanlle, que che falaba, con ollos iluminados e evocadores, dos seus mozos días, das suas loitas, daquel boxeador que fora noqueado no segundo asalto por él, da sua sonada pelea de Madri no que pelexara co campeón da categoria...

*—Q, é tramas?*

Solprendeuche, e non soubeches que contestar, cavilaches e deluraches unha disculpa; fora, xa anoitecera, a luz externa que manaba continuamente a borbollóns fotónicos, facia longo tempo que desaparecera sendo sustituida por un xoiño luar que apenas daba cruzada a intrincada malla poeirenta que daba os seus derradeiros banbaneos; dende o teito, atada a un cable que cruzaba todo o teito uralitico, unha bombilla de apenas vintacinco vatios alumeaba cunha luz marela toda a extensión, afora, ouvindose dende outro lado das paredes de bloques de hormigón, escomenzábase a ouvi-lo alporizamento xeral do púbrico ávido de sangue que albendraba ós gladiadores modernos cos seus aplausos neuróticos o intre estaba próximo.

*—Ainda me apremen o choio das vendas, como se che ocurre...*

A porta abriuse súpetamente gribándose dilo un renxedo delurado de protesta e nila apareseu plantado en dificil equilibrio, apoiando as mans no marco do picaporte, o organizador da velada, era gordo, monstrosamente gordo, barbieño e o seu corpo mostraba meirande esforzo


ELECTRICIDAD
HIDRAULICA

EMAGA

- Oficina Técnica
- Proyectos
- Montajes Industriales
- Viviendas
- Automatismos
- Sonido
- Bobinado de Motores
- Antenas Colectivas

Talleres: Redondo, s/n — Teléfonos 55 72 25 y 55 72 26

PUENTECESURES (Pontevedra)

CHAPISTERIA - PINTURA - ROTULACIONES

TALLERES

PADRON



BANCO CARROCERO PARA TODA CLASE DE TURISMOS

Carretera General - Teléfono 81 09 03 - PADRON

# SEAT

HEREDEROS DE RAMON PAZOS GIMENEZ

MECANICA - ELECTRICIDAD - CHAPA - PINTURA
LAVADO y ENGRASE - RECAMBIOS ORIGINALES

**Teléfonos 81 14 51** **PADRON (La Coruña)**

# MERCANAUSA

**COMPRA y VENTA DE VEHICULOS USADOS**

**Teléfono 811490**


o camiñar, seus beizos, coma de negro, prominentes, facían múltiples evolucións denantes de poder trasforma-lo grido en verba e toda a súa faciana mostraba múltiples regueiros de sudor que caían, resbalando, pola gola pra se sedimentar no colariño negruzco da esbranca camisa; o seu ventre mostraba xigantescas acumulacións de graxas que saltaban rítmicamente cando andaba lembrando un michelín mecánico en movemento, as pernas, cortas, casi imperceptibles, arquexábanse en pallaseira sen xugación.

—*Que tal vai por alá?*

—Puf... un é novato e esta recebendo a maleira nai, non creo que dure moito, despois dil e de outro mais, ides vos...

—*Vai.*

O vello pechou a porta e achegouse a ti, tomouche unha man e mirou as vendas.

—*Deixame... non estan apretadas, non te laiedes por iso, ainda se poderían apertar máis se quixeses.*

Fora sonaron os aplausos e as ovacións, seguramente, con toda precisión podías asegurálo, o novato estaría agora caido na lona meio conmocionado chupando o seu propio sudor que resbalaba por il e que caía repousando no cuadrilátero, ou sendo remolcado xa cara os vestuarios tras ser reanimado, seguramente, evocaches, tería unha das cellas raxadas e os beizos machacados exudando escura sangue meio coagulada e nise intre entrouche un non sei que que se che acumulou abafante na cavidade esofáxica oprimindoa fortemente; sonaron novamente os aplausos e, feblemente, pudeches escoita-lo nome dos novos pegadores.

Pola porta recen aberta polo vello pra mira-lo ambente, o noqueado pasaba sostido polos seus compañeiros que o trataban de reanimar do estado de semipostración en que se atopaba, non sería doado, a súa faciana estaba deformada polos golpes presentando acó e aló múltiples hematomas bermellos e algunhas rañaduras, un pequeno regueiro de sangue negruzco, pastoso, brotaba dos beizos raxados salferindo, pingota a

pingota, o velludo peito estanguido polo sufrimento e o esforzo, as suas pernas, enfeblecidas de todo, apenas o podian soster doblándose continuamente nun si é non é cairse.

—*Nos meus tempos a xente era máis dura, agora non hai aguante ningún... ise non se ergue nun mes.*

—*Vou saltar un pouco a ver se abaixo un pouco o medo, non sei que carallo me pasa...*

Afora, novamente, sonaban os neuróticos aplausos alporizando ós combatentes e sintiuse, imperceptibelmente o son do sino.

—Non teñas medo, fai caso do que che estou dicendo, atácalle ben o fígado, oiches, ó fígado, verás como pronto flaquea, é ó seu ponto débil, dalle aí e procura que non che dea os seus zurdazos, lembras ó Chumberas?... pois millor ainda, pesa máis e ten menos altura, procura que non se che pegue e non te deixes ir prós recunchos...

Os aplausos sonaron novamente ista vez entre asubios e palmas o que denotou que o combate xa rematara, acotaches o tempo, posibelmente un dos dous caera,... agora, tocábache a ti.

—Lembra, ó fígado, sempre ó fígado...

Colleches unha manta vella e bermella pra sair á lona, asegurácheste de que os botíns e as vendas estaban ben amarradas, o proido das mans xa pasara, cecais, cavilaches, trouxeran boa fada como dixera o vello.

—Cambia o pantalón, quédache algo apretado, colle o da bolsa...

Cambiáchelo, os aplausos pararan xa facia intre e só se ouvia un bruido uniforme de espectación no porvir, tranquilizácheste e notaches que o apremento que che abafaba no esófago ia baixando e quedaba reducida a unhas palpitacións aceleradas do corazón que golpeaban a túa cavidade torácica fortemente, senticheste aliviado, collesches a manta roxa e pous'chela encol dos teus ombros recobertos tan somente por




HAGASE CONDUCTOR EN:

Auto-Escuela Constante

Constante es Constante

Avenida Compostela N.° 41 (Edificio Renault) - Telf. 81 06 53

PADRON



automóviles

**paco pardal**

compra - venta

especialidad en: **SEAT**

seguridad y garantía

redondo n.° 53 (carretera coruña - vigo)

puentecesures (pontevedra)

AUTOMOVILES - TRACTORES
ACCESORIOS Y RECAMBIOS
PRODUCTOS INDUSTRIALES

**Establecimientos NUÑEZ**

DOCTOR TEIJEIRO, 30
APARTADO, 287 - TELEX 82373 NUGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRODUCTOS OLEOHIDRAULICOS
TUBERIA DE ALTA PRESION
VINCKE

SUCURSALES:

SANTIAGO

DIVISION AUTOMOCION: 59 27 04 - 59 48 69
DIVISION TALBOT: 59 27 00 - 59 27 58
DIVISION INDUSTRIA: 59 26 42 - 59 46 60
SERVICIO FIRESTONE: Rodríguez Viguri, 23 - 597522

CORUÑA

VENTAS: Teresa Herrera, 2 y 4 - Tels. 222014 - 227785
DIVISION INDUSTRIA: Angel Senra, 29 - Tels. 238640 y 231046 - Telex 82293 NUCO

LUGO

VENTAS: Av. de La Coruña, 80-82 - Tels. 224013-224098
SERVICIO: Hnos. Carro, 16 - Tels. 227505

VIGO

DIVISION INDUSTRIA: Torrecedeira, 92 - Tels. 292158 y 292162 - Telex 83229 NUVI

Telegramas y Telefonemas: AUTONUÑEZ

unha fina camiseta de tirantes brancas, abriche-la porta que delurou novamente un renxedo, cruzáches un escuro caleixón de cemento e soedade e apareceches, tras rubir unhas pequenas escaleiras de madeira fabricadas con presa pró intre, no cuadrilátero, o ambente era inhospito, casi abiótico, habia unha forte calor que misturada cos gases e o fume conformaban un presente irrespirabel que che facia acorar; o público era unha extensa masa inerte e incognita que quedaba antre volutas fumeantes na escuridade, a un lado da lona, fora do ámeto luminiscente do inmenso foco inquisidor que se atopaba pendurado acima do cuadrilátero alumeado a superficie extensa dil.

—Lembra, ó fígado e coidado coa ezquerda.

—*Val.*

Estabas a sudar, miraché-los guantes recen postos que pasaras pola túa frente e estaban brillando, refrexando a luz do inmenso foco; miráches enfrente túa e viches ó teu contrincante, semellaba un chisco máis vello ca ti e máis gordo, quezais meio quilo máis, e apenas chegaría ó teu romo queixo; sonriuche, parescía tranquilo e sorría apousentado nun pequeno tallo namentras que o seu manaxer lle daba o achego que il collía e metía ritualmente antre as enxibas, do seu cabelo loiro, arrulado, manaban pingotas de sudor acendidas, erguiuse e saltou ceibe un intre apoiándose no vértice escuro do seu recuncho, logo, namentras que o presentador facía o seu trafego provocando os asubios e os aplausos excitados de gran masa amorfa e fumeante que chamaba púbrico, achegouse o centro do cuadrilátero, desconcertouche e non soubeches que facer, dubidaches un intre mentras que il agardaba no centro pra che saudar.

—Vai ala.

E foches, chocáchesdes os negros guantes recen postos e brillantes polo sudor e musitaches, casi inaudibelmente, unhas verbas vacias que se cruzaron coas dil, logo achegouse o árbitro, vestia normal e só a sua camisa semellaba propia dun combate, era vello, bastante, o seu cabelo era grisáceo, artificial, e a faciana tiña un



enorme luar selado nunha das meixelas, desexouvos sorte e fóchedes prós vosos recunchos, o vello deuche unhos pequenos masaxes na caluga namentras que ti meneaba-las pernas, estirando os recios muslos, abaixo, perto de lona, guarnecido pola semiescuridade, pudeches apreciar múltiples volutas de fume etereo que sobían dende unha continua sucesión monótona de facianas espectantes que fixaban, ávidas, as suas abertas retinas, rechamantes antre as escleróticas, en vos; serpenteando antre o públrico, facendo as máis variadas viravoltas de equilibrio —semellaba un arriscado clown na corda floxa— un camareiro blancuzco, sen faciana perceptibel, trataba de repartir toda caste de consumicións.

O árbitro chamouvos de novo, o encete do tempo estaba perto e xa che parescía ouvi-los sons estridentes da campá, erguécheste, golpeaches os guantes antre eles e miraches ó Lois, Lois Castro, Lois Castrón chamábanlle.

—Lémbrate, mais doado co Chumberas, recórdalo?... pois iso, atácalle e manten as distancias, que non se che arrime oes?

—*Val.*

Deixaches o Lois, fornido home sesaxenario, nos seus días mozos boxeador coma ti, Lois Castrón lle chamaban, que asegún il até chegara apelexar en Madri contra do campeón da categoría.


FERRETERIA

HIJOS DE FRANCISCO GARCIA



MUEBLES * MAQUINARIA
AGRICOLA * MATERIALES DE
CONSTRUCCION * BAZAR
AGENCIA URALITA
CEMENTOS "OURAL"
TABLEROS "FIMAPAN"

**Pinturas Plásticas y Sintéticas • Cocinas, Estufas y Calentadores • Material Eléctrico para instalaciones**

**Apartado 9 — PADRON — Teléfono 810001**

CONSTRUCCIONES

Ricardo
Angueira
González

Teléfono 810887
EXTRAMUNDI
PADRON (La Coruña)

—Perdeches?

—*Deixate de coñas, e vaite...*

Deixáchelo, no centro agardábache xa o árbitro, nada de golpes baixos nen cabezazos, nada de vos asir, non vos pendurar do outro, val?, valia, miraches fixamente ó outro e mergullache-los teus oilos na profundidade ocular do outro gomitando niles os máis contrarios sentimentos, o momento achegábase.

—Lembra, machacao.

A campá estridente abregueu co seu son todo o local erguendo ós denantes mornos gritos da masa incógnita i empezáchedes a vos pegar, recordáches e dècheslle por primeira vez no figado, total, como decia o vello, era máis doado co Chumberas, o púbrico comenzou a se alporizar: o vello, dende o teu reuncho, albendrábache, cun pouco de boa fada, gañarias...

**Xosé Ramón GARCIA BUSTELO**






# FINANCIERA MADERERA, S.A. FINSA.

Formaris
Santiago de Compostela

# LAS CONQUISTAS DE FIMAPAN.

- industria del mueble
- carpintería
- carpintería industrial
- sector de la construcción
- astilleros
- decoración
- stands para ferias y congresos
- "bricolage"

Sus armas:

- indeformabilidad
- gran resistencia
- perfecto acabado
- superficies perfectamente lisas
- admite todo tipo de clavos
- fácil pintado en capas completamente uniformes
- absoluta adherencia, con cola, a otras superficies
- **calidad, amplia gama de medidas, multiplicidad de aplicaciones, óptimas cualidades, facilidad de manipulación, expansión de mercados**

*Financiera Maderera, S. A., ha sido distinguida —por quinto año consecutivo— con el trofeo de LIDER DE EXPORTACION, al ocupar el primer puesto por sus ventas al exterior, en el Sector de la Madera.*

FIMAPLAST Amparado por el prestigio de FINSA se encuentra en el mercado FIMAPLAST, el tablero FIMAPAN con recubrimiento melamínico decorado.

**Próxima fabricación del tablero de fibras de media densidad**

MDF

Agilidad
Eficacia
Experiencia

Una suma de buenos
Servicios Bancarios

BANCO
DE
MADRID

Agilidad
Eficacia
Experiencia

Una suma de buenos
Servicios Bancarios

BANCO
DE
MADRID